

<p><b>Asistentes</b></p> <p>Alberto Gago Rodríguez</p> <p>Juan Francisco Gálvez</p> <p>Enrique Barreiro Alonso</p> <p>Pedro Antonio Araújo Nespereira</p> <p>María Elisa Alén González</p> <p>Javier Rodeiro Iglesias</p> <p>Iago Fariñas Valiña</p> <p>Celso Caride Álvarez</p> <p><b>Desculpan ausencia</b></p> <p>Mercedes Suárez Pazos</p> <p>Milagros Cavada Nieto</p> <p>José Antonio Fraiz Brea</p> <p>María Beatriz Vaquero Díaz</p>	<p>Acta da sesión extraordinaria do Consello de Campus de Ourense, do 5 de novembro de 2009, convocada para as 10:00 horas en primeira convocatoria e as 10:30 en segunda convocatoria no Salón de Graos do Edificio de Facultades. Ás 10:40 comezou a sesión co obxecto de tratar os puntos da orde do día:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1) Informe do presidente</li> <li>2) Designación de secretario ou secretaria do Consello de Campus</li> <li>3) Solicitudes de axudas para a organización de actividades e para a dotación de material das asociacións estudantís</li> <li>4) Rolda de intervencións</li> </ol> <p>Actúa como secretario o profesor Enrique Barreiro Alonso.</p> <p><b>1 - Informe do presidente.</b></p> <p>O Presidente informa das seguintes cuestións:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1) Resultado da última reunión do Consello Galego de Universidades, que valora positivamente. Destaca a firme postura do Conselleiro de Educación. Explica os diferentes posicionamentos das tres universidades na devandita reunión, que resultan incompatibles. A proposta dos presidentes dos Consellos Sociais, o Consello aceptou cambiar a unanimidade necesaria para tomar acordos por maioría, co que se desbloqueou a situación.</li> <li>2) O Consello Galego de Universidades acordou a substitución da Licenciatura en Física polo Grao en Ciencias Ambientais, así como os novos títulos dos Centros de Empresariais de Ourense, Vigo-Torrecedeira e Lugo.</li> <li>3) Ranking de investigación elaborado polo CSIC e varias universidades, no que a Universidade de Vigo aparece no posto 15 en produción, e no posto 14 no impacto internacional da produción, mentras que a USC atópase no posto 20 e a UDC no posto 46.</li> <li>4) Plan de promoción: entre o 2005 e o 2010 creáronse 75 prazas de doutores na Universidade de Vigo, polo</li> </ol>
--	---

	<p>que considera importante manter o plan de promoción.</p> <p><b>2 - Designación de secretario ou secretaria do Consello de Campus</b></p> <p>A proposta do Presidente, apróbase por asentimento a designación da profesora María Beatriz Vaquero Díaz como secretaria do Consello de Campus.</p> <p><b>3 - Solicitudes de axudas para a organización de actividades e para a dotación de material das asociación estudiantís</b></p> <p>Recibíronse os seguintes pedimentos:</p> <p>Asociación Xadrez Ourensán Universitario: Xornadas de xadrez relámpago; Conferencia e exhibición de simultáneas do campión provincial; Xornadas monotemáticas: o repertorio de aperturas; Exhibición fin de curso dos equipos universitarios do campus (1.650 €) e axuda para material (260 €)</p> <p>Aulas de Formación Aberta: Relatorio Literario (100 €), Visita Cultural a Braga e Viana do Castelo (800 €) e axuda para material (260 €)</p> <p>Comité Universitario do Campus de Ourense: Gassetia, a revista de CUCO (1.010 €) e axudas para material (260 €)</p> <p>C.A.E.F.: O galego no século XXI (1.100 €)</p> <p>O.P.I.C.O.: I Xornadas sobre primeiros auxilios (3.000 €) e axudas para material (260 €)</p> <p>Apróbanse todas as solicitudes presentadas, por asentimento.</p> <p><b>4 - Rolda de intervencións.</b></p> <p>D. Iago Fariñas pregunta polas obras do parque do Campus. O Vicerreitor do Campus de Ourense desposta que é preciso facer unha modificación de crédito no convenio co Concello, pero que en canto esté listo se poderá por en marcha. Informa de que implicará cambiar todo o axardinamento, agua, electricidade, aceras,...</p> <p>O profesor Enrique Barreiro prantexa as dificultades de aparcamento no Campus. D. Celso Caride propón un sistema de acceso con control de matrícula. O Vicerreitor do Campus comenta que non existe un réxime sancionador e que ese é o principal problema. O profesor Pedro Araújo comenta a</p>
--	--

	<p>posibilidade de utilizar un sensor de peso para regular a entrada aos garaxes.</p> <p>E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:22 horas da que eu, como Secretario, dou fe co visto e prace do Presidente.</p> <p>O Presidente</p> <p>D. Alberto Gago Rodríguez</p>	<p>O Secretario</p> <p>Enrique Barreiro Alonso</p>
--	--	--